



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO, A  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE  
DA CORUÑA PARA O RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS DE LIBRE  
ELECCIÓN POR CURSOS DE VERÁN**

En Vigo, a 23 de setembro de 2010


**REUNIDOS**

Dunha parte **D. Salustiano Mato de la Iglesia**, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo (en adiante UVIGO), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei Orgánica 6/2001 do 21 de decembro, de universidades, e segundo o Decreto 90/2010, do 10 de xuño polo que se procede o seu nomeamento (DOG 17 de xuño).

 Doutra, **D. Juan José Casares Long**, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e segundo o Decreto 99/2010, do 17 de xuño polo que se procede ao seu nomeamento (DOG 24 de xuño)

 Doutra, **D. José María Barja Pérez**, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña (en adiante UDC), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e segundo o Decreto 1/2004, do 8 de xaneiro polo que se procede ao seu nomeamento (DOG do 9 de xaneiro).

**EXPOÑEN**

 Que as tres universidades como integrantes do Sistema Universitario de Galicia deben procurar en común o obxectivo da maior calidade no ensino superior e máis de facilitar, estimular e acoller todas aquelas actividades de difusión da cultura dentro da universidade galega, de tal xeito que se beneficie todo o alumnado en termos formativos e de rendemento académico, por todo o cal e en vista da semellanza dos obxectivos e resultados dos últimos anos na organización dos cursos de verán nas tres universidades

**ACORDAN**

**Primeiro.-** Validar os cursos de verán ou, no seu caso, os cursos de extensión universitaria que se celebren no verán, como créditos de libre configuración, igualmente en reciprocidade, nas tres universidades.

**Segundo.-** Establecer unha comisión de seguimento e interpretación do contido no presente convenio integrada polos Vicerreitores das tres Universidades con competencias nos cursos de verán

**Terceiro.-** Este convenio terá validez na convocatoria de 2010 e renovarse automaticamente se ningunha das partes o denuncia expresamente.

POLA UNIVERSIDADE DE VIGO




Salustiano Mato de la Iglesia

POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA



Juan José Casares Long

POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA



José María Barja Pérez